

O XENIO DE BEETHOVEN PARTE 3. CUESTIONARIO

1. Con que idade se produce un período de silencio na vida creativa de Beethoven?
2. A pesares dos intentos de Iohanna de recuperar a seu fillo, cal é a sentenza do tribunal de Viena en 1816?
3. Describe como trata Ludwig a seu sobriño e intenta explicar por que se comporta así.
4. De novo o narrador nos presenta unha crise emocional de Beethoven que da lugar á creación dunha peza musical brillante. De que peza se trata esta vez?
5. Que sucede cando Karl fuxiu da casa de seu tío?
6. Agora que o seu amigo o arquiduque Rodolfo é arcebispo de Viena, que obra se ofrece Ludwig a compoñer para el?
7. Que lle sucede mentres compón esa peza musical?
8. A que cidade europea quere marchar por considerala máis avanzada musicalmente que Viena?
9. Que manías, case obsesións, conta seu amigo Schindler que tiña Ludwig?
10. Que encargo recibe da Sociedade Filarmónica de Londres en 1822?
11. Que novo invento utiliza para marcar o *tempo* da súa nova sinfonía?
12. Que sucede na estrea? Como reaccionou o público?
13. Que sucede co seu amigo e secretario Shindler despois da estrea da súa 9ª sinfonía?
14. Como é a súa relación con Karl agora que volve a estar a seu lado?
15. Cal foi a última obra que escribiu tras o intento de suicidio de seu sobriño?
16. Cal é a última frase que pronuncia Beethoven antes de morrer? Que significa?
17. Cantas xentes acuden ao seu funeral?
18. Agora que coñeces a biografía de Beethoven e tamén as súas obras máis importantes, que opinas sobre el?
19. Pode alguén ser un gran artista, deportista, científico..., unha persoa digna de admiración e ao mesmo tempo unha mala persoa? Dime que pensas sobre iso.